

**Resolución da Dirección Xeral de Administración Local pola que se nomean aos membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2022, se convoca aos concursantes para a realización da proba e se fai pública a data, hora e lugar de celebración.**

Por Resolución do 21 de marzo de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Facenda e Función Pública, convocouse o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2022 (BOE núm 71, do 24 de marzo).

De acordo co disposto na base quinta da antedita resolución, en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatória.

No citado precepto establécese que a valoración da dita proba a realizará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia, nomeándose por cada membro titular un suplente.

Na súa virtude, vista a proposta realizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta Dirección Xeral de Administración Local, **DISPÓN**

**Primeiro.-** Nomear ás persoas que a continuación se relacionan membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2022:

Titulares:

- Xosé Gregorio Ferreiro Fente
- Isabel Gil Gil
- Concepción Armas Quintá

Suplentes:

- Purificación Galán Boutoureira
- Isabel Valiño Ferrín
- Olga López López

Esta comisión terá a categoría primeira das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño. O número máximo de asistencias a percibir será de tres.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES  
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)  
15781 – Santiago de Compostela  
T. 981 546 579  
administracionlocal@xunta.gal  
www.xunta.gal



**Segundo.-** Convocar aos seguintes concursantes que non acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para a realización dunha proba eliminatoria de galego:

BAENA CALDERÓN, PABLO  
LAMELAS SOTO, SILVIA  
LOPEZ-MOSQUERA GARCÍA, RUTH

**Terceiro.-** A proba terá lugar o vindeiro venres, día 16 de xuño de 2023, ás 10:00 horas, na Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4, Santiago de Compostela.

Os concursantes deberán ir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión.

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

